



CONCURSO PÚBLICO PARA A ADXUDICACIÓN DA CAFETERÍA DO CPI DA CAÑIZA

Seguindo a instrución 4/2015 emitida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o 1 de xuño de 2015, para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería, e dado que o actual contrato da cafetería do centro está caducado, don Marcos Piñeiro Pérez, en calidade de director do CPI da Cañiza, declara aberto, con data 21 de xaneiro de 2016, concurso público para a adxudicación da cafetería do CPI da Cañiza de acordo coas seguintes

BASES

I. PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. O prazo de presentación de candidaturas será de quince días hábiles contados dende o día da apertura deste concurso (dende o 21/01/2016 ata o 11/02/2016 ás 13:00 horas)
2. As candidaturas deberán ser presentadas na secretaría do CPI da Cañiza, segundo modelo presentado no anexo IV, onde se procederá a dar rexistro de entrada a cada unha delas. As ofertas económicas (canon e lista de prezos) deberán ser entregadas en sobre pechado.
3. O día 12 de febreiro de 2016, na cafetería do CPI da Cañiza, ás 11:00 horas da mañá, procederase, en acto público, á apertura das ofertas económicas (canon e lista de prezos)
4. Con data anterior ao 16 de febreiro de 2016, a dirección do centro educativo realizará un informe no que valorará as ofertas presentadas en base aos criterios especificados no apartado III das presentes bases, de xeito que clasificará as proposicións presentadas por orden decrecente.
5. A dirección do centro requirirá ao licitador que teña presentada a oferta clasificada en primeiro lugar, antes do 22 de febreiro de 2016, para poder adxudicar o contrato, a seguinte **documentación xustificativa orixinal ou copia compulsada**:
 - i. A **certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social**, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - ii. A **certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda** da Xunta de Galicia, de non ter contraída débeda ningunha coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - iii. A **certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria**, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.



- iv. O orixinal ou a copia compulsada da **alta no IAE** no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
 - v. O adxudicatario deberá presentar, de non telo feito antes, xustificación de ter constituída **unha póliza de seguro de responsabilidade civil**, para a cobertura de posibles danos a terceiros por un capital non inferior a 20.000,00 €
6. Entre o 23 e o 25 de febreiro de 2016 procederase á formalización do contrato de xestión e explotación da cafetería do CPI da Cañiza, que será ata o 30 de xuño de 2016 non prorrogable, segundo o disposto no artigo 23.3 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
 7. Antes da data de comezo do 26 de febreiro de 2016, o adxudicatario deberá iniciar a execución do contrato.

II. REQUISITOS DO/A ADXUDICATARIO/A E DOCUMENTACIÓN

8. Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
9. Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán a **documentación administrativa e técnica necesaria** a efectos de poder valorar a súa oferta segundo se detalla:
 - i. Se a **empresa fose persoa xurídica** española: copia auténtica ou compulsada do CIF, escritura ou documento de constitución, e no seu caso documentos que acrediten a súa representación.
 - ii. Os **empresarios individuais** comunicarán o DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente, da persoa titular ou propietaria da empresa segundo se establece no **anexo I**, e no seu caso documentos que acrediten a representación.
 - iii. **Declaración responsable** segundo modelo que se achega como **anexo I**, subscrita pola persoa que asine a proposición na que fará constar:
 - Declaración de non estar incurso na prohibición de contratar do art. 60 TRLCSP.
 - Estar dado de alta e ao corrente no Imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.
 - Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal.
 - Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Autonómica Galega.
 - Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
 - iv. **Proposición oferta económica, ou canon anual prorrateado**. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como **anexo II**



- v. **Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio.** Aportarase memoria detallada dos traballos a realizar que deberá conter:
 - Contexto da actuación do servizo de hostalería e a lista de consumicións mínima que o Centro Educativo establece como anexo III.
 - Metodoloxía de traballo no movemento, adquisición e conservación de produtos de alimentación perecedoiros, describíndoa con detalle.
 - Capacidade de resposta a situacións de carácter conxuntural de exceso de persoal que accede a cafetería como consecuencia de eventos, como cursos, xornadas, seminarios, festivais, ...etc.
- vi. **Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato.** Incluirase relación do persoal que vai participar na execución do contrato, datos da persoa responsable da execución, currículum vitae profesional das persoas propostas, facendo fincapé na súa traxectoria profesional en traballos similares
- vii. **Melloras propostas.** Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo, como celebracións de festas conmemorativas, tardes musicais, patrocinio e organización de torneos de mesa,...etc.
- viii. Lista de **prezos de artigos** de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no **anexo III**) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo.
- ix. **Elaboración preferente de produtos na propia cafetería** como bocadillos, sandwiches, pratos combinados con utilización de materias primas naturais, aproveitando produtos de tempada, produtos frescos como pan, leitunga, tomate, embutidos, ovos, froitas, etc., en vez de adquisición de produtos industriais e chuches.

III. CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

10. O órgano de contratación valorará as ofertas mediante a aplicación dos criterios obxectivos que a continuación se detallan:

<p>1) Proposición oferta económica, ou canon anual. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como anexo II. A puntuación das ofertas será lineal entre todas as ofertas, sendo 0 puntos para a oferta igual ao canon de licitación mínimo previsto na folla de especificacións técnicas do apartado IV destas bases e 40 puntos para a oferta que presente o maior canon anual. Para cada unha das ofertas intermedias a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada.</p> <p style="text-align: center;">Alta da oferta a valorar</p> <p>Puntuación oferta: 40x -----</p> <p style="text-align: center;">Alta maior aceptada</p>	<p>Máximo 40 puntos</p>
<p>2) Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio.</p>	<p>Máximo 10 puntos</p>
<p>3) Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato.</p>	<p>Máximo 15</p>



<p>3.1 Antigüidade no centro prestando o servizo: 0.5 puntos por ano, ata un máximo de 8 puntos</p> <p>3.2 Experiencia no servizo de cafeterías de centros de educación públicos non universitarios: 0.5 puntos por ano ata un máximo de 4 puntos</p> <p>3.3 Experiencia no servizo de cafeterías: 0.5 puntos por ano ata un máximo de 3 puntos</p> <p>Para a valoración desta experiencia deberán aportarse contratos dos servizos prestados</p>	puntos
<p>4) Melloras propostas. Servizos adicionais.</p> <p>4.1. Relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo. Ata un máximo de 10 puntos</p> <p>4.2. Oferta de produtos relacionados con hábitos de comida saudables (exemplos: - oferta de packs de merenda compostos por zume natural, bocadillo e froita fresca de tempada; - oferta de biscoitos caseiros e produto lácteo; - oferta de froita fresca; - compromiso de supresión paulatina de produtos industriais tipo gominolas, chasquis, etc...) Elaboración de produtos preferente na propia cafetería. Ata un máximo de 15 puntos</p>	Máximo25 puntos
<p>5) Lista de prezos de artigos de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no anexo III) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo.</p>	Máximo10 puntos



IV. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

A presente folla de especificacións técnicas e parte integrante das condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o curso escolar 2015-2016.

Apartado 1): Centro Educativo.

CENTRO: CPI da Cañiza

ENDEREZO: Acceso Leboriz, s/n, (Edificio Secundaria), A Cañiza, 36880 Pontevedra.

Apartado 2): Canon. Segundo dispón a instrución 4/2015, do 1 de xuño de 2015, para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería, o canon mínimo esixible pola explotación e xestión do servizo de cafetería ascende ao importe de trescentos setenta e dous € (en letra), 372€ (en cifra). Prorrateada a cantidade para o que resta de curso, o canon quedaría finalmente establecido **en cento corenta e oito (en letra), 148€ (en cifra).**

Apartado 3): Superficie cafetería. Segundo dispón o apartado 5.1.

Superficie útil estimada locais cafetería 98.16 (en m2).

Superficie útil estimada local almacén 5.76 (en m2).

Total superficie útil estimada cafetería 103.92 (en m2).

Apartado 4): Horario cafetería. O horario establecido para a prestación do servizo de xestión e explotación da cafetería será, como mínimo e durante o período lectivo, de luns a venres pola mañá de 8:50 a 13:30 incluíndo a tarde dos luns de 14:30 a 15:00.



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato: Contrato do servizo de xestión e explotación da cafetería no centro educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2014/2015

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección para efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.
- Está dado/a de alta e ao día no pagamento do imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

A Cañiza , de de 2016

(Sinatura do contratista)



ANEXO II

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/Da, co enderezo en, provincia de, co DNI núm., en nome propio ou en representación da empresa, co NIF núm., tendo coñecemento da contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería no centro educativo CPI da Cañiza.

DECLARA:

1. Que coñece as condicións e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido;
2. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome (propio ou da empresa á que representa) a executar a prestación á que licita, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidas, polo importe total dun canon anual de (IVE incluído) euros (en letra), euros (en cifra);
3. Que se compromete ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en:
 - Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo; e
 - Materia de protección de datos de carácter persoal.

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, segundo o disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP.

A Cañiza, de de 2016

(Sinatura e selo do licitador)



ANEXO III

LISTA DE PREZOS MÁXIMOS DE PRODUTOS DE OBRIGADA SUBMINISTRACIÓN POLO/A CONTRATISTA

ARTIGOS	PREZOS
BEBIDAS QUENTES	
Café só, cortado, con leite	1,00 €
Café con leite dobre	1,10 €
Café con leite (almorzo 200 cm ³)	1,10 €
Descafeinado	1,00 €
Infusións	1,00 €
Vaso leite pequeno	0,80 €
Vaso leite grande	1,00 €
Cola Cao ou similar	1,00 €
Chocolate	1,20 €
BOLOS E REPOSTERÍA	
Bolo de leite	0,80 €
Churros (1 unidade)	0,20 e
Torradas (1 unidade)	0,30 €
Manteiga	0,30 €
Biscoito caseiro	0,80 €
Repostería sen glúten	0,80 €
BEBIDAS E REFRESCOS	
Augas minerais	0,70 €
Zumes concentrados	1,00 €
Zume natural	1,50 €
Batido (Okey, cacaoat ou similar)	1,20 €
Mosto	1,00 €
BOCADILLOS	
Tortilla Española ou francesa	1,45 €
Pepito de Tenreira (100 grs.)	2,90 €
Filete de porco (100 grs.)	2,35 €
Luras (100 grs.)	1,70 €
Queixo + Marmelo (80 grs.)	1,75 €
Xamón asado (80 grs.)	1,75 €
Touciño entrefebrado + Queixo (80 grs.)	1,20 €
Xamón serrano (80 grs.)	1,95 €
Xamón York + Queixo (80 grs.)	1,25 €
Chourizo (80 grs.)	1,10 €



Salchichón (80 grs.)	1,10 €
Vexetal (pan integral, pavo, leituga, espárrago, ovo cocido)	1,95 €
Sen glúten (pan especial e embutido especial)	1,25 €
1/2 Touciño entrefebrado + Queixo (40 grs.)	0,80 €
1/2 Xamón serrano (40 grs.)	1,10 €
1/2 Xamón York + Queixo (40grs.)	0,70 €
1/2 Chourizo (40 grs.)	0,70 €
1/2 Salchichón (40 grs.)	0,70 €
1/2 Tortilla española ou francesa (40 grs.)	0,90 €
1/2 Queixo + Marmelo (40 grs.)	1,00 €
SANDWICHES	
Mixto (xamón e queixo)	1,25 €
Vexetal (pavo, leituga, tomate, atún, espárragos)	1,95 €
PRATOS COMBINADOS	
Nº1. Lomo, patacas e salada	5,00 €
Nº2. Filete de polo á prancha e salada mixta	6,00 €
Nº3. Chuleta de porco, patacas e salada	6,50 €
Nº4. Completo de espaguetis con atún e tomate	4,50 €
Nº5. Salada de pasta con atún e hortalizas	4,50 €
Nº6. Tortilla de atún, salada mixta/ensaladilla	5,50 €
Nº7. Sen glúten: filete de polo á prancha, salada mixta e pataca cocida	6,00 €



ANEXO IV

Don/Dona con DNI número
e domicilio en rúa nº
piso e teléfono, a efectos de notificación

- en nome propio
- en representación da Sociedade, ou da Empresa
.....

SOLICITA: sexa aceptada a súa oferta, segundo a documentación que se achega, para a participación no concurso público para a adxudicación da cafetería do IES Salvaterra de Miño convocado pola dirección do centro seguindo a instrución 4/2015 emitida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o 1 de xuño de 2015, para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería, e cuxas bases foron publicadas o pasado 26 de xuño de 2015.

A tal efecto, achega a documentación solicitada, segundo o artigo 9 das bases citadas anteriormente, e copia compulsada do DNI do/a solicitante.

A Cañiza, de de 2016

(sinatura do licitador)

SR. DIRECTOR DO CPI DA CAÑIZA